



REFERENCIA DA MESA SECTORIAL DE EDUCACIÓN

Santiago de Compostela, 18.06.10

FETE-UGT ABANDONA A MESA SECTORIAL NA QUE SE DEBATÍA A ORDE DOS CENTROS PLURILINGÜES

Hoxe ás 12 h. réunese a MS para tratar a orde do día establecido:

Orde pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia

Participan o Director xeral de FP, o Director xeral de centros e RRHH, o subdirector de RRHH, o Subdirector de Innovación e a secretaria da MS. Polas OOSS participan UGT, CIG, CCOO, ANPE e STEG.

As actas quedan aprobadas coa emenda da UGT, no senso de que conste expresamente en acta que esta organización vai recorrer a orde de adxudicación de destinos provisionais de mestres para o curso 2010-11, pola retirada do complemento compensador para os mestres e mestras que exercen polas especialidades de PT e AL na ESO.

ORDE POLA QUE SE REGULAN OS CENTROS PLURILINGÜES EN GALICIA.

Despois de presentada a orde polo Sr. Mira Lema a UGT solicita que esta convocatoria se realice o curso que vén e se poña en práctica no curso 11-12.

Esta solicitude, condiciona a participación desta organización sindical no debate do contido desta orde, polos seguintes motivos:

- 1.- Consideramos que non se pode publicar esta convocatoria na derradeira semana do curso, sen dar tempo aos centros a preparar e debater a participación nesta convocatoria.
- 2.- Co funcionamento das actuais seccións bilingües, pódese dar resposta ás demandas para o vindeiro curso 2010-11.
- 3.- Preguntamos como se compatibilizan as seccións bilingües cos chamados centros plurilingües.
- 4.- Alteran as condicións de traballo do profesorado e a mobilidade do mesmo.



- 5.- Modifica o acordo de acceso ao traballo docente para o profesorado interino e substituto.
- 6.- Non prevé desdobres nin achegas de recursos materiais e persoais para o desenvolvemento desta orde.
- 7.- Non concreta o plan de formación do profesorado que participa neste programa.
- 8.- Non é pedagoxicamente correcta pola forma de implantación, podendo crear centros de elite e desfavorecendo unha ensinanza equitativa e integral.

O Director Xeral manifesta que a Consellería ten tomada a decisión de poñer en práctica esta orde o próximo curso, esta decisión é inamovible.

Ante esta actitude ríxida e antinegociadora do Director Xeral de Educación, FP e Innovación a FETE-UGT abandona a Mesa Sectorial xunto con dúas OOSS (CIG e STEG) co que conformamos preto do 70% de representación do profesorado do ensino público de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2010.

PÚBLICA DE FETE-UGT/GALICIA